



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

**DONA IRENE SUÁREZ LÓPEZ, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI.**

**CERTIFICA:** Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE DOCENCIA PARA A CONTRATACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL”.**

Pola Mesa de Contratación, na sesión de 29 de xullo de 2014, se acorda propoñer á empresa “FORGA – Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, Emprego e Formación en Galiza”, CIF G-36.818.367, como adxudicatario do contrato por presentar a proposta máis vantaxosa, que se eleva ao órgano de contratación para requirir ao licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

Toda vez que, por parte da Mesa de Contratación se comproba que a dita empresa xa achegou, xunto coa Documentación administrativa, a documentación relativa á solvencia técnica e económica e a constitución da garantía definitiva requirida.

En base ó exposto anteriormente, e tendo en conta a necesidade de proceder á adxudicación do contrato á maior brevidade, toda vez que a data prevista para o inicio dos ditos cursos é o 1 de agosto, avocando as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, por resolución de 11/07/11, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a empresa “FORGA – Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, Emprego e Formación en Galiza”, CIF G-36.818.367”, con enderezo a efectos de notificacións en Avenida do Aeroporto, nº 92-1º andar, 36206 - Vigo, do contrato do “Servizo de Docencia para a Contratación de accións Formativas de Formación Ocupacional”.

**SEGUNDO.-** A formalización do contrato, de conformidade co art. 156 do TRLCSP realizarase no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ó da notificación desta resolución.

**TERCEIRO.-** De conformidade co estipulado no art. 154 do TRLCSP deberase notificar ós candidatos ou licitadores o seguinte acordo. Así mesmo, a formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 138.3 do TRLCSP publicáranse no Perfil do Contratante da páxina web do concello ([www.concellotui.org](http://www.concellotui.org)) e no Boletín Oficial da Provincia.”

E para que así conste, emito a presente orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en Tui, a 31 de xullo de 2014.

O Alcalde-Presidente



TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO DE TUI